Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O gato negro da Braña de Rus

As augas da Braña de Rus, Coristanco (A Coruña) eran moi brancas e limpas ata que un día se foi bañar alí un gato negro e as augas volvéronse negras. Desde entón chámanlle alí Baños Negros pois as augas son curativas e moi boas para as feridas.

Hai quen asegura que se escoitan uns berros que nacen aló no fondo da Braña de Rus aínda que ninguén sabe con certeza de onde veñen nin de que becho poden ser.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. Mª., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, p.181.